

Campionato Galego Sub16 2020

1) Horarios e roldas :

Venres 10/7/2020:	1ª Rolda ás 17:00 horas
	2ª Rolda ás 19:30 horas
Sábado 11/7/2020:	3ª Rolda ás 10:00 horas
	4ª Rolda ás 12:30 horas
	5ª Rolda ás 16:30 horas
	6ª Rolda ás 19:00 horas

2) Sistema e ritmo de xogo: suízo a 6 roldas, 30 m + 30 s/xogada.

3) O árbitro principal do torneo será Francisco Javier Ogando González, e o árbitro adxunto Óscar Bruno de Prado Rodríguez.

BASES TÉCNICAS

4) Empregarase o programa VEGA para os emparellamentos.

5) A sala de xogo será o Salón Principal, e considerarase coma recinto de xogo a propio sala e os servicios dentro da propia sala.

6) Os sistemas de desempate serán:

Primeiro

Resultado do encontro directo. Este sistema aplicarase só se todos os xogadores empatados a puntos xogaron entre si.

Os seguintes sistemas de desempate sortearanse unha vez finalizada a última partida da sexta rolda entre as seguintes posibilidades:

Bucholz mediano (quitando a mellor e a peor puntuación).

Variante Brasileira do Bucholz (quitando a peor puntuación).

Bucholz total.

Notas: O tratamento das partidas non disputadas para o cálculo do Bucholz. A efectos de desempate, as partidas non disputadas serán consideradas como se xogara contra un oponente virtual.

Só no caso de que persistise empate nestes 4 sistemas, aplicarase o sistema APRO



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

- 7) Segundo a regulamentación da FIDE, lémbrese a tódolos xogadores que non poden traer teléfono móbil á sala de xogo. Asimesmo está prohibido traer calquer outro medio electrónico de comunicación.
- 8) Lémbrese ós xogadores que deberán comportarse de forma que non deshonren o xogo do xadrez, en caso contrario se lles dará a partida por perdida.
- 9) O non cumprimento do protocolo Covid-DXTGalego por parte de algún xogador pode ocasionar a perda da partida ou a expulsión do Torneo.
- 10) Perderá a partida o xogador que se presente na Sala de Xogo con máis de 30 minutos de retraso con respecto á hora programada de inicio da ronda. En ambos casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia.
- 11) A incomparecencia non xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do Torneo.
- 12) Non se permitirán análises de partidas na sala de xogo.
- 13) É obrigatorio que os participantes notifiquen a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas.
- 14) Unha vez rematada a partida, os xogadores chamarán ao árbitro á súa mesa e lle comunicarán o resultado do encontro segundo o protocolo Covid-DXTGalego.
- 15) Unha vez colocada a ronda en info64 haberá media hora para reclamar. Pasado ese tempo, non se admitirá a trámite ningunha posible reclamación.
- 16) A organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obriga ca de publicalas na páxina web oficial do torneo.
- 17) Non se permitirán acordos de táboas antes de 20 xogadas por cada xogador.
- 18) Un resultado de táboas pactadas antes de 20 xogadas ou reproducindo unha partida xa xogada previamente sancionarase co resultado de 0-0.

- **Director dos Campionatos:** Gaspar Pérez Carnero, presidente da FEGAXA e coordinador do protocolo federativo coa Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo o apartado 6º do protocolo COVID DXT Galego para xadrez, o director dos campionatos galegos é o coordinador para a implementación e seguimento do protocolo federativo, que será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Será responsable de supervisar ou controlar o test ou control de saúde dos deportistas, técnicos e árbitros nas acreditacións do primeiro día de competición. Encargarase do cumprimento do protocolo e da comunicación e seguimento das sintomatoloxías COVID-19 que puidesen existir.

O árbitro principal	O árbitro adxunto
Francisco Javier Ogando González	Óscar Bruno de Prado Rodríguez